

ZARAGOZA

- Podedes dar un paseo polo **casco histórico**. O máis salientable é a **basílica de El Pilar**, a vista do **río Ebro** dende as pontes que tedes detrás da basílica. Se queredes pulsar a vida da cidade, nada mellor que dar un paseo pola **rúa peonil de Alfonso I**.
- Se tedes tempo e queredes ver unha mostra de **arquitectura contemporánea**, podedes facer unha escapada (tedes autobuses urbanos) ate o recinto da **Expo de 2008**. Alí atoparedes unha boa mostra de urbanismo moderno e edificios bastante espectaculares así como a nova **ponte sobre o Ebro**.
- Tedes unha **oficina de turismo** nos soportais da Praza do Pilar (onde está a basílica), podedes pedir un plano da cidade e información máis completa.

Máis información:

www.zaragoza.es/ciudad/turismo

www.turismodezaragoza.es/ciudad/



Edificio na Expo




Pavillón - ponte no recinto da Expo



Nova ponte sobre o Ebro



Praza da basílica de El Pilar



NIZA

- Niza é unha cidade turística, se cadra é a cidade turística de luxo máis salientable de toda a **Costa Azul** (con Mónaco e Montecarlo). Paseando por Niza poderedes ver como viven os máis ricos (ricos de verdade) de Europa.
- No plano adxunto poderedes ver a zona vella (La "Vieux Nice" os pes do castelo), os xardíns e o centro da zona nova. Se queredes mercar tedes de todo, pero ollo cos prezos: É unha cidade moi cara.
- O Museo de Arte Contemporánea (**MUSEE D'ART MODERNE ET D'ART CONTEMPORAIN**) é moi recomendable (vangardas europeas posteriores os anos 60). Pintura do séculos XVIII e XIX a poderedes atopar no museo de belas artes (**MUSEE DES BAUX-ARTS**). A entrada os museos é libre.

Máis información:

www.mamac-nice.org

www.musee-baux-arts-nice.org



"Vieille ville" A zona vella de Niza



Unha rúa da zona vella



Porto de Niza



Praia de Niza



Plano de Niza onde tedes destacada a zona vella (Vieille Ville) e, a esquerda o centro da zona nova.



Plano da Vieille Ville de Niza. En cor escura as rúas máis salientables.

MILÁN

- Se ides estar pouco tempo en Milán non intentedes percorrer toda a cidade pois é unha das máis extensas de toda Italia. Milán é a cidade máis industrial e moderna do país, é o centro do deseño e da arquitectura contemporánea italiana.
- Debedes lembrar que Milán ten **metro**, o que facilita os desprazamentos .
- Dentro do máis destacable atopamos:
 - **A catedral.** (Il Duomo). Do mellorciño da arquitectura gótica europea. Visítadea por dentro e por fora. O impacto visual do mármore branco (se tedes a sorte de que estea limpo) e espectacular. Moi perto (Piazza del Duomo, 12) está el **Palazzo Reale**. Dentro del Palazzo Reale está el CIMAC (**Cívico Museo de Arte Contemporánea**) onde atoparedes moi bos exemplos da pintura italiana do XIX e XX (Boccioni, De Chirico, Carrà, etc.)
 - Se queredes ver o famoso fresco de **Leonardo da Vinci** “**A derradeira cea**” o veredes na egrexia de **Santa María delle Gracie**.
 - **O Castello Sforza** (inmensa fortificación) conta con unha **pinacoteca** moi interesante onde podedes atopar (aparte de obras de Mantegna, Canaletto e Tiepolo) a famosa escultura de **Michelangelo** a “**Pietà Rondanini**”
 - **A Galería de Arte Moderna.** (Via Palestro 16). Aquí podedes atopar cadros do XIX.
 - **A pinacoteca de Brera** (Via Brera, 28) Atoparedes do mellorciño da arte italiana desde o século XIV ó XX.
 - **A galería Vittorio Emanuele II** é o lugar ideal para pasear, ver tendas e sobre todo ver os milaneses paseando.

Máis información:

<http://www.aboutmilan.com/sobre-milan/>



Il Duomo



Galería Vittorio Emanuele II (interior)



Galería Vittorio Emanuele II (exterior)



Castello Sforza



Castello Sforza

VERONA

- Verona é unha cidade pequena pero ten un **casco histórico** que se pode percorrer nun tranquilo paseo.
- Dentro do máis destacable atopamos:
 - A **Area** (coliseo romano).
 - A **piazza dei Signori** (aquí hai un bo mercado os días que toca) e a **piazza delle Erbe**.
 - A **torre dei Lamberti**. Se subides, podedes ver toda a cidade dende o alto.
 - E, por suposto, se sodes seareiros dos sitios turísticos podedes visitar a casa de **Giulietta** (xa sabedes “Romeo e Julieta” de Shaquespeare)

Máis información:

http://www.ril.es/viajes/guias_de_viaje/Europa/IT_Italia/guia-de-verona.html



Vista de Verona



Area



Area e o casco histórico



Piazza delle Erbe

VENECIA

• Venecia é unha cidade construída nunha lagoa. Os edificios, de pedra, están sustentados por “pilotes” ou postes de madeira baixo a auga da lagoa. É unha cidade moi turística e seguro que xa coñecedes os seus tópicos. Como en tódalas demais cidades que ides visitar, **Venecia hai que paseala**.

Un consello: Ollo coas góndolas e cos gondoleiros. **Unha viaxe en góndola é moi cara**. Se queredes montar preguntade antes o prezo ou do contrario podédevos levar unha sorpresa desagradable.

• **MUSEOS**.- En Venecia tedes moitos museos públicos e moitos máis privados (fundacións) que adoitan estar en palacios que, en si mesmos, son dignos de visitar. Tamén é certo que, en xeral, hai que pagar por visitalos.

- No **Palacio Venier dei Leoni** está a **fundación Peggy Guggenheim** onde poderedes ver obras do mellorciño da arte moderna e contemporánea (Pollock, Picasso, Magritte, Kandinsky, Malevich, e un longo etcétera).
- Recentemente inaugurouse o **Museo Punta de la Aduana** onde tedes tamén arte moderna e contemporánea. O propio edificio (na punta del Dossoduro, perto da **igreja della Salute**) é unha salientable obra de rehabilitación feita polo arquitecto xaponés Todao Ando.
- **Museo Correr**, na Piazza di San Marco 52. Pintura renacentista, escola flamenca, etc. Teño entendido que é gratuito para os menores de 18 anos.

•OUTROS LUGARES DE INTERÉS

- **Piazza di San Marco**. Podedes subir ó **Campanille** para ollar Venecia a vista de paxaro. Na mesma praza a **basílica de San Marcos**, salientable obra de arte bizantino (espectaculares mosaicos no interior). Nunha esquina da mesma praza está o **Palazzo Ducale**.
- **Gran canle** e a **Ponte Rialto**.
- Illas de **La Giudecca**, **Burano**, **Murano** e **Guido**. Pódese chegar en baporetto.

Máis información:

<http://www.invenicetoday.com/spanish/museos/index.htm>



Piazza di San Marcos



Ponte Rialto



Venezia a vista de paxaro



Gran Canle

FLORENCIA

• Florencia é, baixo o meu punto de vista, a cidade máis salientable, non só da Toscana senón de toda Italia; pasear por ela é entrar en contacto co mellorciño da cultura renacentista europea.

• Dado que ides estar pouco tempo eu propoñería o seguinte itinerario: **La Piazza de San Lorenzo**, donde está a **Capela de San Lorenzo** (coa **sacristía vella** de Brunelleschi, o arquitecto da Capela e a **sacristía nova** de Miquelangelo) e **Santa María Novella** de Leon Battista Alberti (a súa fachada é de unha gran perfección compositiva) ; ó seu carón está a **Biblioteca Laurenciana** de Michelangelo (ten unha escaleira de acceso extraordinaria a pesar do seu pequeno tamaño). Moi cerca está a **Piazza del Duomo** onde poderedes admirar **Il Duomo (Santa María dei Fiore)** e a bóveda de Brunelleschi , il **Campanille** de Giotto e o **Baptisterio** coas portas de Ghiberti. Seguimos ate a **Piazza della Signoria** onde poderedes admirar el **Palazzo Vecchio**. Seguides por a **Gallería degli Uffizi** ate o **río Arno**. Paseades ate a **Ponte Vecchio** onde atoparedes as tendas dos artesáns da prata florentina. Seguides o paseo de fronte e chegades á **Piazza Pitti** onde poderedes admirar o enorme e impresionante **Palazzo Pitti**. Detrás do Palazzo Pitti está o extenso **xardín di Boboli**, dende a parte alta do xardín tedes unha fantástica vista da cidade de Florencia.

• MUSEOS

- A **Galería Palatina** (está no interior del Palazzo Pitti) onde atoparedes obras de Raffaello, Caravaggio, Bronzino, etc.
- As **Capelas Mediceas**.
- A **Gallería degli Uffizi**, a mellor pinacoteca de todo o Renacemento italiano, con cadros de Boticelli, Leonardo da Vinci, Michelangelo, Tiziano e moitos máis.
- O museo de **Il Barguello** que é o equivalente á Galleria degli Uffizi pero en escultura (clásica e renacentista).

Máis información:

<http://www.aboutflorence.com/florence/>



Vista de Florencia




Piazza della Signoria – Palazzo Vecchio



Palazzo Pitti



Ponte Vecchio e río Arno




ASÍS

- Asís (Assisi) é unha pequena vila da provincia de Perugia na comarca da Umbría; é coñecida por ser o lugar de nacemento (e onde atoparedes a tumba de **San Francisco de Asís** o que deu orixe o turismo relixioso do que vive a vila.
- O máis salientable en canto a monumentos:
 - **Basilica di San Francesco** (con dúas igrexas, a Superior e a Inferior onde está a cripta de San Franchesco).
 - Fundamentalmente Asís é necesario **paseala** e admirar a fermosura do seu **trazado medieval**.
 -

Máis información:

<http://www.assisionline.net/assisispano4.mv>



ROMA

• Roma é unha cidade milenaria. Ten de todo e en abundancia polo que pretender sintetizar en pouco espazo as súas posibilidades e literalmente imposible.

• **Pateade a cidade**, iso é o mellor para pulsar a súa vida.

• PRAZAS MÁIS SALIENTABLES

Piazza San Pietro (proxeitada por Bernini), **Piazza del Campidoglio**, proxeitada por Miquelangelo (subide a ela pola rampa, dende abaixo. Poderedes ver a perspectiva corrixida dos edificios laterais). **Piazza Navona** coas fontes e esculturas de Bernini (pola tarde-noite ten moitísimo ambiente nas terrazas dos restaurantes e cafés). **Piazza de España** (a súa escalinata tamén é un lugar moi frecuentado polos turistas e pola xuventude romana). Piazza da **Fontana de Trevi** (unha fonte espectacular e lugar de culto para os turistas e namorados).

• MUSEOS

Roma ten moitísimos museos. **Museo di Roma**, **Nacional Romano**, do **Barroco**, o **Etrusco**, o **Castelo de Sant A'ngelo**, **A Galería Spada**, **Galería Nacional de Arte Antigo**, os **Museos Capitolinos**... Se queredes elixir un, eu escollería os **Museos Vaticanos** que xa abonda.

• OUTROS LUGARES DE INTERÉS

- Basílica de **San Pedro** (entrade no seu interior e poderedes ver a magnificencia dos mármore, a **cúpula**, a **Pietá** de Miquelangelo e o **baldaquino de Bernini**). No exterior, a **Columnata de Bernini**.
- O **Coliseo** (teatro romano).
- O **Foro**.
- O **Castello di Sant'Angelo**
- O **Panteón**
- A **Bocca della Verità** (A boca da verdade) escultura romana situada no pórtico da igrexa de Santa María de Cosmedín e que, segundo a tradición, arrinca as mans dos mentireiros.
- As **catacumbas** (de San Sebastian, Domitila, San Calixto e Santa Priscila).

Máis información:

<http://es.turismoroma.it/>



Panteón



Fontana de Trevi



Piazza de España



Piazza del Campidoglio



Piazza Navona

